

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

PROVISIONAL

PROMOVE:

Universidade de Vigo
CREA

DIRIXE E ORGANIZA:

ASOCIACIÓN
PONT-UP STORE
EMPREENDEMENTO E INNOVACIÓN

PATROCINADOR PRINCIPAL:

Concello
de Pontevedra

PATROCINADORES INSTITUCIONAIS

DURO INSTITUCIONAL:
Deputación
de Pontevedra
XUNTA
DE GALICIA

PATROCINADORES BUSINESS

PLATINO BUSINESS:
//ABANCA
PRATA BUSINESS:
VIGO

DURO BUSINESS:
R

PONTUPSTORE.COM

SÍGUENOS EN:
f t y i n



ORGANIZACIONES DE APOIO:

aje ampe Cámara FORD BUSINESS PONTEVEDRA espazoCoop TALENT VENTURE aje VIAGALICIA

DESEÑA E COMUNICA:
o cable In 218

ILUSTRACIÓN:
KAISA

info@pontupstore.com
prensa@pontupstore.com
comunicacion@pontupstore.com

Empresas
participantes


PARTICIPANTES

O encontro presenta unha selección de 42 iniciativas de emprendemento que participarán nas distintas modalidades desta 12ª edición seleccionadas de entre as máis de 150 candidaturas recibidas.

PONT-UP STORE 2025

19 E 20 DE SETEMBRO

PRAZA DE ESPAÑA PONTEVEDRA



Stands

AGRO4IMPACT

<http://agro4impact.com/>

AGROLISTIK é unha aplicación móbil que funciona como un "Uber" de tractores. Unha plataforma dixital que conecta ós propietarios de fincas con tractores dispoñibles na súa zona, a través dunha app sinxela e intuitiva.

ALMADIVERSA

<https://almadiversajoyeria.com/>

Xoiería artística, feita no seu obradoiro na Coruña, co único obxectivo da inclusividade a través dun concepto diferente.

ANTIGÜIDADES REY & PLAYMOREY

Marca de coleccionismo de playmóbil customizados, personalización e venda de pezas únicas, cun enfoque especial na sustentabilidade e na valorización cultural.

BORNEO

<https://www.somosborneo.com/>

Axencia creativa e produtora audiovisual formada por profesionais de xeración Z/ Millennial adicada á produción de publicidade, ficción e documental, así como á música e organización de eventos.

CHORIMA COSMÉTICA ATLÁNTICA

<https://chorima.es/>

Marca que, apoiándose na natureza atlántica, rica en activos con propiedades beneficiosas para a pel, propón unha cosmética consciente dirixida a persoas esixentes que buscan o equilibrio perfecto entre eficacia, natureza, ciencia e pracer sensorial.

CIENPORCEL

<https://cienporcel.com/>

Pequenos produtores (criadores e elaboradores) de Porco Celta en Ourense. Premiados a nivel nacional e internacional pola calidade e sabor dos seus produtos.

CULTIVO GALLEGO

<https://cultivogallego.es/>

Proxecto agrícola enfocado no cultivo biointensivo e na rexeneración do solo, combinando rotación de cultivos, abonos orgánicos e integración de animais para obter alimentos de alta calidade e coidar da biodiversidade.

DATADDEFEND SOLUTIONS

<http://datadefendsolutions.com/>

Consultora galega especializada en ciberseguridade, concienciación e protección dixital para pequenas e medianas empresas, administracións e centros educativos.

DE LÚ

De Lú especialízase na creación de cosmética sólida e natural, incorporando ingredientes galegos sempre que é posible.

EAILUSTRA

<https://www.eailustra.es/>

Marca que visibiliza a lingua e cultura galega a través de velas, postais plantables, roupa e complementos deseñados e feitos en Galicia.

EMEIEMA

<https://emmaromero.com/>

Ilustración e obras orixinais en acuarela, así como obradoiros artísticos.

ENXEBRE BOLSOS

<https://enxebrebolsos.com/>

Marca de bolsos de coiro artesanal, con creacións inspiradas en Galicia, na nosa cultura, nas nosas costumes e nas mulleres.

FENDA STUDIO CREATIVO S.COOP

<https://fendastudio.es/>

Estudio creativo conformado por 3 socias que fusionan arte e estratexia para acompañar a outros proxectos, dándolles forma e visibilidade.

GAIA ESCOLA DE MÚSICA

<http://www.gaiaescuelamusica.com/>

Escola de música multidisciplinar. Espazo aberto á mentorización de músicos e ao fomento da aprendizaxe da música en idades temperás.

GASTROVISUAL

<https://gastrovisual.com/>

Plataforma que converte a carta do restaurante nun menú interactivo en vídeo. Cada prato preséntase nun vídeo curto e profesional que amosa a calidade, os ingredientes e a preparación.

GRADHOC

<https://gradhoc.com/es/>

Gradhoc é un software para refrixeración industrial e comercial que mellora a eficiencia enerxética mediante IoT, xemelgo dixital e intelixencia artificial sobre todo enfocado a cadeas de frío.

HANA NO BOSHI

<https://hananoboshi.com/>

Sombrería artesanal: ademais de sombreiros, realízanse tocados, todo tipo de accesorios para o cabelo e tamén algúns bolsos, xeralmente a xogo con algunha das pezas anteriores.

Os stands en lila tamén participan na modalidade actividade.

Stands

IVPN

<https://mivpn.net>

Servizo de VPN con dispositivo físico para casa ou oficina, que permite navegar coa IP local con control total e máxima privacidade.

MARTIETAS DE FÍO

<https://martietasdefio.com/>

Marca de galletas artesanais. Existen dous sabores: a orixinal e con chocolate, e tres formatos diferentes, ademais dun formato personalizado, dispoñible para eventos de empresa ou persoais.

MIALMA COLCHONES

<https://mialmacolchones.com/>

Marca de colchóns de fabricación galega nacida no sur de Galicia, en Vigo. Ademais de para a cama, ofrecen unha gama canina e outra para campers, buscando adaptarse a todos os modelos de vida actual.

NICOLETOS BAREFOOT

<https://www.nicoletos.es/>

Marca de calzado barefoot respetuoso para cativos deseñados en Galicia e fabricados en Portugal.

PROA2 HEALTH

<https://proa2health.com/>

PROA2 Care é un leite de inicio elaborado con leite 100 % A2 de vacas galegas en pastoreo, cunha formulación que mellora a dixestibilidade e se aproxima ao leite materno.

QUIMERA

https://www.instagram.com/quimera_xogos

Editorial de xogos de mesa en galego, dende o deseño ata a produción. Conta cun xogo publicado, "Tes Terras?", e outro en preprodución.

SALITRE

<https://www.salitrejoyas.es/>

Marca galega de xoias de aceiro inoxidable vencellado á terra galega, aposta por sustentabilidade e combina a venda física e online coa organización de talleres de creación de xoias con arxila.

SALLY D'TRIZ

<https://sallydtriz-links.carrd.co/>

Artista artesá de Pontevedra que crea produtos téxtiles inspirados na cultura pop, visibilizando parellas LGTBQ+ e promovendo produción sostible baixo demanda.

SARAY LORENZO

<https://www.raisaloren.com/>

Deseñadora gráfica e ilustradora.
Autora da ilustración do Pont-Up Store 2025.

SEPIA ART SHOP

<https://artshopsepia.com/>

Elaboración artesanal de pastillas de acuarela únicas (metalizadas, neón UV), cadernos feitos a man e accesorios para pintar viaxando.

SERENIA SOLUTIONS

<https://holaserenia.com/>

A asistente IA das persoas maiores. Unha voz amiga sempre dispoñible para asistir, entreter e coidar das persoas maiores, adaptándose ás necesidades de cada persoa e situación.
Startup tecnolóxica spin-off da Universidade de Vigo.

TERGO

<https://tergo.es/>

Tergo: Distribución de drones DJI Enterprise, servicios aéreos e escola de pilotos acreditada en AESA. Innovación e formación no mesmo stand.

THE WOOFI'S CLUB

<https://thewoofisclub.com/>

Marca de accesorios sostibles para cans creados a partir de traxes de neopreno.

TIKISMIKIS ARTESANÍA

<https://www.nicoletos.es/>

Marca de cerámica artesanal, con clases de cerámica e encargos personalizados, especialmente vaixelas para restaurantes.

TZ STUDIO

<https://sallydtriz-links.carrd.co/>

Redeseño, transformación e personalización de prendas de segunda man esquecidas e tecidos en desuso para darlles un aspecto novo e diferente, prolongando así a súa vida útil.

VINAK

<https://artshopsepia.com/>

Marca galega que diseña, fabrica e comercializa accesorios para o viño e utensilios de cociña únicos e personalizables.

Programa de actividades

XORNADA DE FOMENTO DO EMPREDEMENTO EN COOPERATIVA

DÍA E HORA: venres 19 de setembro de 2025, de 10.00 a 14.00 h

ORGANIZA: Unión de Cooperativas EspazoCoop



OBXECTIVOS:

Esta xornada nace coa vontade de inspirar, conectar e impulsar o emprendemento cooperativo en Galicia. Queremos achegar o modelo cooperativo á xente con iniciativa, mostrando que é unha opción real, sostible e competitiva para lanzar un proxecto empresarial. Diríxese tamén a profesionais e persoas prescriptoras de emprego, ás que lles ofreceremos ferramentas e coñecementos para transmitir de forma clara e atractiva as vantaxes do cooperativismo. Ao longo do día fomentaremos o espírito emprendedor como vía para mellorar a empregabilidade e abriremos unha xanela práctica sobre como poñer en marcha unha cooperativa: condicións, pasos clave e recursos dispoñibles.

Ademais, compartiremos casos de éxito que poñen en valor o potencial innovador, social e económico deste modelo de empresa, así como a súa gobernanza participativa.

PROGRAMA DA XORNADA:

09.30 – 10.00 Recepción asistentes

10.00 Benvida institucional (representantes do Concello Pontevedra, EspazoCoop e Pont Up)

10.15 Presentación dos resultados do programa. Lucía Mendoza (EspazoCoop)

10.30 - 11.30 Mesa debate “Cooperativismo e Innovación: unha aposta para o futuro”

Participan: Unha cooperativa en proceso de constitución, unha cooperativa recen constituída e unha participantes da fase semente (pendentes definir).

Modera: Rosa Álvarez (EspazoCoop)

11.30– 12.00 Café (cortesía de PONT UP)

12.00 – 13.00 Obradoiros Prácticos:

- Da idea á cooperativa: pasos básicos para constituír unha cooperativa
- Modelos de negocio cooperativo: ferramentas para a sostibilidade empresarialFinanciamento e recursos: alternativas para financiar proxectos cooperativos
- Impartidos por cooperativas e/ou por persoal de EspazoCoop; especialistas en economía social e financiamento alternativo (pendente)

13.00 Peche da xornada

13.05 Petisco informal (cortesía de PONT UP)

13.30 Visita Pont-Up Store (non organizada, as asistentes visitan a feira ao seu ritmo, pola súa conta, non se precisa persoal que acompañe) ós emprendementos do Pont-Up Store 2025.

14:30 Despedida da xornada

LUGAR: Aula do 1º andar do Teatro Principal de Pontevedra, entrada por Rúa don Filiberto, 36002 Pontevedra

PÚBLICO OBXECTIVO: persoas, especialmente mocidade, con iniciativa emprendedora ou ideas de negocio, prescriptoras de emprego, participantes do programa, cidadanía en xeral (...)

ASISTENCIA: presencial ata completar aforo (non se retransmite online)

+ info: <https://espazo.coop/emprende/>

Inscrición:

https://docs.google.com/forms/d/1ox4KLS57kR7I_A47a5KP5CtqQ3dSbebBdFJAHz4v8V4/viewform?edit_requested=true



DÍA E HORA
VENRES 19/09/2025, DE 10 A 14 H.

LUGAR
AULA DO 1º ANDAR DO TEATRO PRINCIPAL
(ENTRADA POR RÚA DON FILIBERTO)
36002 PONTEVEDRA



XORNADA EN PONT UP STORE ESPAZOCOOP EMPRENDE



espazo.coop/emprende/

XORNADA EN PONT UP STORE ESPAZOCOOP EMPRENDE



DÍA E HORA
VENRES 19/09/2025, DE 10 A 14 H.

LUGAR
AULA DO 1º ANDAR DO TEATRO PRINCIPAL
(ENTRADA POR RÚA DON FILIBERTO)
36002 PONTEVEDRA

PROGRAMA DA XORNADA

- 9:30 - 10h. Recepción asistentes
- 10h. Benvida institucional
- 10:15h. Presentación programa EspazoCoop Emprende
- 10:30 - 11:30h. Mesa debate "Cooperativismo e Innovación: unha aposta para o futuro"
- 11:30 - 12h. Café
- 12 - 13h. Obradoiros Prácticos:
 - Da idea á cooperativa
 - Modelos de negocio cooperativo
 - Financiamento e recursos
- 13h. Peche da xornada
- 13:05h. Petisco
- 13:30h. Visita Pont Up Store
- 14:30h. Despedida da xornada



espazo.coop/emprende/

ACTO INAUGURAL

Venres 11:30 - 12:00

Organiza: Equipo de dirección Pont-Up (G4plus uvigo + Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont-Up Store)

Lugar: Palco do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España

Asistirán : representantes de entidades organizadoras e patrocinadoras

- Universidade de Vigo e Asociación para o Emprendemento e a Innovación Pont-Up Store, Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia IGAPE, Abanca, R, Consorcio Zona Franca de Vigo, Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía, AEMPE, Aje Galicia/Pontevedra, Ape, Foro empresa Pontevedra, Tales Venture, Foro Empresa Pontevedra

VISITA INSTITUCIONAL

Venres 12:00 - 13:00

Participa: Organizadores e representantes de entidades patrocinadoras, colaboradoras

Organiza: Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont-Up Store.

Lugar: Palco do Recinto do Pont-Up Store, Praza de España

Asistirán : representantes de entidades organizadoras e patrocinadoras

- Universidade de Vigo e Asociación para o Emprendemento e a Innovación Pont-Up Store, Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia IGAPE, Abanca, R, Consorcio Zona Franca de Vigo, Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía, AEMPE, Aje Galicia/Pontevedra, Ape, Foro empresa Pontevedra, Tales Venture, Foro Empresa Pontevedra

10 minutos de gloria

DÍA E HORA Venres 19 de 13:30 a 14:30

ORGANIZA: Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont- Up Store

PARTICIPA:



A asistente IA das persoas maiores. Unha voz amiga sempre dispoñible para asistir, entreter e coidar das persoas maiores, adaptándose ás necesidades de cada persoa e situación. Startup tecnolóxica spin-off da Universidade de Vigo.



Plataforma que converte a carta do restaurante nun menú interactivo en vídeo. Cada prato preséntase nun vídeo curto e profesional que amosa a calidade, os ingredientes e a preparación.



AGROLISTIK é unha aplicación móbil que funciona como un “Uber” de tractores. Unha plataforma dixital que conecta ós propietarios de fincas con tractores dispoñibles na súa zona, a través dunha app sinxela e intuitiva.

LUGAR: Palco de carpa do Pont-Up, Praza de España

PÚBLICO OBXECTIVO:

DEMO-DAY INCUVI

Universidade de Vigo

DÍA E HORA Venres 19 de 12:30 a 13:40

Presencial ata completar aforo

Uvigo - Vic. Estudiantes e empregabilidade / Área de emprego e emprendemento

OBXECTIVOS: Exposición dos proxectos de emprendemento participantes nos programas INCUVI ao longo do ano

PRESENTA: Natalia Caparrini (Vicerreitora de estudantes e empregabilidade) & Maruxa Álvarez / Dir. Area Emprego e Emprendemento

CONTIDOS: defensa dos proxectos INCUVI emprende; avanza e consolida

PARTICIPA: Membros dos equipos promotores e representantes das entidades colaboradoras

- Apep Energy
- FittingLabs
- Fontoira'Studio
- PADD
- TecnificaTe
- XISTRA

PÚBLICO OBXECTIVO: Todos os públicos, en particular estudantado; PDI e persoas interesadas en materia de emprendemento

LUGAR Palco do recinto do Pont-Up Store

Actividade artística: As cooperativas inspíranos



DÍA E HORA:

Venres 19 de 11:00h a 14:00 e de 17:00 a 20:00h creación do mural

Sábado 20 de 11:00h a 14:30h e de 16:00 a 19:00h exposición e fotos do mural

ORGANIZA: Rede Eusumo –Xunta de Galicia

OBXECTIVOS: Celebración do ano internacional das cooperativas. Creación dun mural que reflexe os valores do cooperativismo.

CONTIDOS: As persoas participantes serán guiadas por persoas que lles axudarán a crear un mural que reflexe os valores das cooperativas e as visibilice

DIRIXEN: Artista e persoal da Rede Eusumo

LUGAR: Carpa do evento, Praza de España.

PÚBLICO: Alumnado e visitantes do Pont Up

ASISTENCIA: presencial

+ **INFO** As persoas que participen mais de 30 minutos no mural recibirán un agasallo

TECENDO COMUNIDADE (NETWORKING DE PARTICIPANTES)

DIA: 19 de setembro de 14,30 a 16,30



ORGANIZA: Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont-Up Store

CONTIDO E OBOECTIVOS: comida en común para interrelacionarse e compartir inquedanzas por parte dos emprendementos seleccionados no Pont Up e tamén para tecer redes e xerar sinerxías para novos negocios entre eles. No transcurso desta comida farase unha presentación da Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont-Up Store para a posterior inscrición dos participantes interesados na mesma

LUGAR: Espazo central da carpa do Pont-Up Store

INSCRICIÓN: actividade reservada para os emprendementos seleccionados para a modalidade de stand.

ASISTENCIA: presencial

Pont-Up Venture

DÍA E HORA Venres 19 de setembro de 17:30 a 19:00

Evento que reúne en Pontevedra ás startups máis innovadoras para presentar as súas ideas ante mentores e inversores fomentando a innovación, o networking e o desenvolvemento de proxectos nun entorno colaborativo e dinámico

LUGAR: Sala de conferencias do 2º andar da Casa das Campás, Rúa don Filiberto 9-11

ORGANIZA: Concello de Pontevedra e Asociación para o emprendemento e a Innovación: Pont-up Store



COLABORA: TALES VENTURES

Pont-Up Venture

AGRO4IMPACT

<http://agro4impact.com/>

AGROLISTIK é unha aplicación móbil que funciona como un "Uber" de tractores. Unha plataforma dixital que conecta ós propietarios de fincas con tractores dispoñibles na súa zona, a través dunha app sinxela e intuitiva.

BLUE SILK COSMETICS

<https://www.bluesilkcosmetics.com/>

Laboratorio de cosmética natural e termal con base en Ourense que desenvolve e fabrica cosmética propia e para terceiros, combinando innovación biotecnolóxica, sustentabilidade e recursos endóxenos como a auga mineromedicinal. Lanza recentemente a primeira liña cosmética termal para animais.

CHORIMA COSMÉTICA ATLÁNTICA

<https://chorima.es/>

Marca que, apoiándose na natureza atlántica, rica en activos con propiedades beneficiosas para a pel, propón unha cosmética consciente dirixida a persoas esixentes que buscan o equilibrio perfecto entre eficacia, natureza, ciencia e pracer sensorial.

DIGHY

<http://www.dighy.es/>

SaaS dedicado ás empresas do sector do hidróxeno e dos combustibles renovables. É un xemelgo dixital que permite ás promotoras deseñar e dimensionar plantas de produción de hidróxeno e simular o seu comportamento técnico e económico para avaliar o rendemento en función do deseño e da localización.

LUXSIT

<https://luxsit.es/>

Empresa adicada á tecnoloxía de espectáculos de luces con enxames de drones. Empregando a tecnoloxía UAS de última xeración de Luxsit Pharus, crea espectáculos de luces sorprendentes, seguros e sostibles.

MASEL

<http://maselapp.com>

Ferramenta de xestión para hostelería con IA integrada. Axuda a reducir mermas en cociña / barra, mellorar a eficiencia a través da analítica avanzada, carta dinámica con ferramentas de márketing on-site, app para camareiros e clientes e un sistema de reserva de mesas para erradicar as reservas fantasma.

PROA2 HEALTH

<https://proa2health.com/>

PROA2 Care é un leite de inicio para lactantes elaborado con leite 100 % A2 procedente de vacas galegas das razas Holstein e Jersey en réxime de pastoreo cunha formulación innovadora que mellora a dixestibilidade e achega a composición da fórmula á do leite materno.

SERENIA SOLUTIONS

<https://holaserenia.com/>

A asistente IA das persoas maiores. Unha voz amiga sempre dispoñible para asistir, entreter e coidar das persoas maiores, adaptándose ás necesidades de cada persoa e situación. Startup tecnolóxica spin-off da Universidade de Vigo.

XURADO DE EXPERTOS EN INVERSIÓN

LUIS TABOADA
CEO Tales Venture



Luis estudou Física na Universidade de Santiago de Compostela antes de adentrarse no mundo dos mercados de capitales e da inversión bursátil. Destacou rapidamente no sector Fintech europeo coa fundación de Qbitia, empresa de software algorítmico para a inversión en bolsa, galardoada con máis de 10 premios internacionais. A partir de Qbitia, Luis funda Tales Venture, unha *corporate boutique* que apoia a startups, emprendementos innovadores e empresas tecnolóxicas en procesos de *corporate finance*, crecemento, M&A, entre outros, e desde a que asesora e inviste en máis de 15 startups ao ano. O seu liderado e visión foron recoñecidos en múltiples ocasións, sendo incluído na lista Choiseul dos 100 executivos novos máis influentes de España nos anos 2017 e 2018 e, en setembro de 2023, seleccionado pola revista Forbes como un dos 100 empresarios máis creativos de España na súa lista *Most Creative People in Business*. A súa experiencia e contribucións ao ecosistema emprendedor convérteno nunha figura clave no ámbito da innovación e do *venture capital* a nivel estatal.

OLIMPIA CARABEL ÁLVAREZ
Investment Manager en Faraday Venture Partners



Licenciada en Administración e Dirección de Empresas e cun **MSc en Finanzas**, Olimpia Carabel Álvarez é *Investment Manager* en **Faraday Venture Partners**, onde lidera procesos de inversión en startups tecnolóxicas e de alto crecemento. Cunha sólida experiencia en análise financeira e xestión de investimentos, Olimpia especializouse no sector do *venture capital*, contribuindo ao desenvolvemento de novas oportunidades de inversión e ao crecemento de empresas emerxentes en diversos sectores.



JORGE LEIRO
TORSA CAPITAL



TORSA
CAPITAL

Asesor Financeiro con certificación €FA (European Financial Advisor). Con 16 anos de experiencia no sector financeiro, decidín recentemente e de forma voluntaria deixar a banca para reorientar a miña carreira cara ao mundo do capital risco, como analista de investimentos, da man de TORSA CAPITAL SGEIC, entidade xestora do Fondo de Investimento LUGO TRANSFORMA, promovido polo Concello de Lugo co obxectivo de dinamizar e potenciar a actividade emprendedora e empresarial da comarca. Este fondo busca dotar de financiamento a iniciativas e proxectos de alto valor que xeren un impacto positivo na sociedade e no medio ambiente, e que permitan crear e atraer empresas, talento e emprego sostible.

ÓSCAR DE MIGUEL
Inversor e fundador de Mentiness e Civeta investments

Ex emprendedor reconvertido en persoa de produto e mentor. Cofundador de Mentiness, un SaaS B2B de people analytics e benestar psicológico, onde captei fondos e colaborei no desenvolvemento do negocio. Antes, creei en 2005 Diariomotor, un dos medios de motor máis relevantes en España, que en 2021 pasou a formar parte do grupo Atresmedia. Como enxeñeiro en Informática de Sistemas, tamén exercín como advisor e fundador en diversas startups. En paralelo, investín como business angel en varios proxectos tecnolóxicos e cofundé Civeta Investments, un vehículo de investimento en fase temperá



JORGE GONZÁLEZ



Netaccede



Avogado con máis de 10 anos de experiencia no asesoramento xurídico mercantil e xestión empresarial. Traballou como Interim Manager en diversas empresas relacionadas co sector servizos, xestionando persoais de máis de 150 traballadores. Na actualidade an aliza novas oportunidades de investimento como director de participadas en Netaccede SCR, S.A pertencendo ao seu consello de administración.

ALBERTO COCHÓN

Líder empresarial con ampla experiencia en dirección, innovación tecnolóxica e desenvolvemento de startups.

Enxeñeiro Industrial, comeza moi pronto en postos de responsabilidade, con 26 anos en sector do automóbil cun equipo de 100 persoas. Nesta contorna entra en contacto e desenvolve metodoloxías, que posteriormente aplicará noutros sectores.

CEO de KRACK desde 2006-2017, liderando o crecemento desde os 3M aos 25M de facturación e un equipo de máis de 220 persoas. Desenvolve accións de márketing moi innovadoras, convertendo a KRACK nun referente, onde a cultura Lean e Agile é un punto cruce da organización. Cofundador de Imotion Analytics, Startup de IA, líder en crear solucións de visión artificial para seguridade en transporte. Acelerada en WAYRA en 2019 e primeira empresa tecnolóxica onde investiu RENFE, en 2023. Secretario Xeral da Agrupación industrial Galego de Ecommerce. Formador en escolas de negocio como EBF e IFFE. Mentor en proxectos como Selmark, Delikia ou ReiZentolo. Actualmente desenvolvendo un fondo de investimento, conxuntamente con outras familias empresarias galegas, para investir en proxectos tecnolóxicos en Galicia.



Consultoría relámpago para tu web emprendedora – Wordpress



DÍA E HORA Venres 19 de 17:15 a 18:30

ORGANIZA: Comunidad WordPress Pontevedra

DESCRIPCIÓN:

¿Tienes una web para tu proyecto y no sabes si está funcionando del todo bien? ¿Te gustaría mejorarla pero no sabes por dónde empezar? ¡Esta es tu oportunidad!

Desde la comunidad WordPress Pontevedra, en colaboración con Pont-Up Store, organizamos una sesión abierta de revisión web en directo. Un grupo de profesionales del diseño, desarrollo, SEO, contenidos, UX y otras áreas analizará algunas webs enviadas previamente por participantes del evento. Comentaremos qué funciona bien, qué se podría mejorar y daremos pautas sencillas y aplicables para que tu web (y las de los demás) conecte mejor con tus clientes y cumpla sus objetivos.

No hace falta que tu web sea una de las seleccionadas para aprender: los consejos que daremos son útiles para cualquier persona que tenga una web, esté creando una, o trabaje con clientes. Una mirada práctica, cercana y constructiva sobre lo que podemos mejorar.

LUGAR: Palco de carpa do Pont-Up, Praza de España

PÚBLICO OBXECTIVO: Emprendedores, profesionales con presencia online, personas interesadas en mejorar su página web, diseñadores, desarrolladores y cualquier curioso del mundo digital.

ASISTENCIA: El evento es gratuito y abierto a todo el mundo. Si te apetece, te animamos a unirse a nuestro grupo de Meetup de WordPress Pontevedra para estar al tanto de próximas actividades

<https://www.meetup.com/pontevedra-wordpress-meetup/events/310744026/>

Actividades demostrativas

MIVPN



Venres e sábado de xeito continuado en horario de stand

Realizaremos unha demostración en directo de MIVPN e WIVPN, dous dispositivos físicos que permiten crear redes privadas virtuais de forma sinxela. Mostraremos como se conectan ao router, como permiten navegar desde calquera lugar coa IP de casa ou elixir outro país cun só clic. Os asistentes poderán probar a conexión desde os seus móbiles e ver como cambia o seu IP en tempo real. Tamén explicaremos os seus usos para fogares, empresas ou persoas que viaxan. A actividade será continua e interactiva durante todo o evento.

LUGAR: Stand 3

ORGANIZA: HobbyPont

PRESENTA: Evelio Sánchez



DESCRIPCIÓN:

Presentación pública da asociación HobbyPont. Esta asociación estrease organizando maratón creativa de 24 horas de duración. As persoas participantes —profesionais, estudantes e afeccionadas ao desenvolvemento de videoxogos— traballarán en equipo para crear proxectos arredor da temática do emprendemento. A idea é experimentar, aprender e innovar a través do xogo, creando prototipos que contén a aventura de emprender.

OBXECTIVOS:

- Fomentar a creatividade e a innovación.
- Promover o espírito emprendedor entre a mocidade e profesionais.
- Ofrecer un espazo de encontro para persoas con intereses comúns no eido tecnolóxico e creativo.
- Dar visibilidade a novas ideas e proxectos a través do Pont-Up Store.
- Proporcionar formación e inspiración mediante charlas técnicas e actividades complementarias.

LUGAR E CONTIDOS:

GameJam

das 16:00h do Venres 19 ás 20:00h do sabado 20 na Casa Azul do Concello de Pontevedra (Rúa Sor Lucía, 4, 36002 Pontevedra)

PRESENTACIÓN DE RESULTADOS

Sábado ás 20:00 no Palco de carpa do Pont-Up, Praza de España

PÚBLICO OBXECTIVO: Persoas maiores de 18 anos, ou maiores de 16 con autorización, interesadas no desenvolvemento de videoxogos, deseño, arte dixital, música, narrativa interactiva ou emprendemento. Non é necesario ter experiencia previa: só ganas de aprender, colaborar e crear.

INSCRIPCIÓN: A participación é totalmente gratuíta grazas á colaboración entre HobbyPont e Pont-Up Store. <https://hobbypont.com/>

O Camiño do Empreendimento Musical

DÍA E HORA Venres 19 de 19:00 a 20:00

ORGANIZA: Xunta de Galicia

OBXECTIVOS:

PRESENTA: Pablo Fernández López, Secretario Xeral de Emprego e Relacións Laborais

PARTICIPA:

- **Lola Bozzano (artista)**
- **Muiños (artista)**
- **Quique Fernández (Cega Audiovisuales)**
- **José Patiño (Wake Up)**

LUGAR: Palco de carpa do Pont-Up, Praza de España

PÚBLICO OBXECTIVO: Dirixido a mozos e mozas gal egas que estean barallando o sector musical como unha saída profesional



PONTEVEDRA
EVENTO: PONT-UP STORE

VENRES,
19 DE SETEMBRO DE 2025
19.00-20.00 H

Lola Bozzano (*Artista*)
Muiños (*Artista*)
Quique Fernández (*Cega Audiovisuales*)
José Patiño (*Wake Up*)

CAMIÑO DO EMPRENDIMENTO MUSICAL

Emprazamento:
PONT-UP STORE
Palco de carpa do Pont-Up, Praza de España

Organiza:
WAKE UP!

Colabora:
XUNTA DE GALICIA

GALICIA móvese

TECENDO COMUNIDADE: VIÑO PARTICIPATIVO



Concello
de Pontevedra



**ASOCIACIÓN
PONT-UP STORE**
EMPRENDEMENTO E INNOVACIÓN

DIA: 19 de setembro de 21:00 a 23:00

ORGANIZA: Concello de Pontevedra e a Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont- Up Store

LUGAR: Espazo central da carpa do Pont Up (Praza de España)

INSCRICIÓNS: Entrada reservada a proxectos seleccionados para Stand, Pont-up Store e invitados da organización (xunta directiva do Pont-Up, entidades patrocinadoras e colaboradoras, entre outros)

COLABORA: Altos de Torona e Regina Viarum



H|G|A

Emprendemento musical: Concerto organizado por Borneo Concerto de Indiana

Actividades demostrativas

Tikismikis

Sábado 20 de 11:30 a 12:30

Demostración co torno alfarero

LUGAR: Palco de carpa do Pont-Up, Praza de España



Salitre

Sábado 20 de 17:00 a 18:00

Mostraremos en directo como facemos as nosas pezas de arxila dende cero :). Será un espazo para aprender, curiosar e descubrir todo o que pode saír dun trozo de arxila

LUGAR: Palco de carpa do Pont-Up, Praza de España

salitre

ALMORZO NETWORKING – Hackers al acecho: cómo blindar tu negocio sin gastar una fortuna
Estrategias simples y asequibles para proteger a tu pyme de los ciberataques

TIPO: Tecendo redes: espacio de networking



DIA: sábado día 20 de 9:30 A 11:00

ORGANIZA: Aempe - Asociación de empresarios da pequena e mediana empresa de Pontevedra

PRESENTA: José María Corujo, presidente de AEMPE

OBXECTIVOS:

Concienciar a emprendedores e empresarios sobre a importancia da ciberseguridade, os retos aos que se enfrentan e como abordalos para ter emprendementos e empresas ciberseguras.

PARTICIPANTES

Judit Meiriño:

CEO DATADEFEND SOLUTIONS | Delegada Pchbox Pontevedra | KAM TIENDAS PROPIAS TICNOVA | Tecnóloga | Directiva de AEMPE | Miembro Foro Empresa Pontevedra | Vicepresidenta de la Sociedad Gastronómica Entre Meigas



LUGAR: Espazo Central do recinto do Pont Up, Praza de España

INSCRICIÓN: participantes nos stands do Pont Up e público interesado

inscripción en: <https://aempe.com/es/formacion-item/desayuno-networking-hackers-al-acecho-como-blindar-tu-negocio-sin-gastar-una-fortuna/>

ASISTENCIA: presencial

Asesoría para startups. Verifactu y cómo te ayudamos a implantar la factura electrónica

DÍA E HORA: Sábado 20 de 12:00 a 13:00



ORGANIZA: Talenom

OBXECTIVOS: Guía paso a paso sobre cómo implementar Verifactu de forma sencilla y sin complicaciones, a través de la experiencia y soporte de Talenom.

PRESENTA: Ángela Cal Arca – Business Director Galicia en Talenom

PARTICIPA:

- Sonia Gándara - Accounting & Tax Specialist
- Francisco Graña - Accounting & Tax Specialist

CONTIDOS: La facturación electrónica será obligatoria para muchas empresas en los próximos meses. Descubre qué es Verifactu, cómo se aplica a tu negocio y cómo podemos ayudarte a implementarlo sin complicaciones.

LUGAR: Sala de conferencias do 2º andar da Casa das Campás, Rúa don Filiberto 9-11

PÚBLICO OBXECTIVO: Personas emprendedoras que buscan asesoramiento especializado así como conocer los procesos para implantar la factura electrónica de manera eficiente.

ASISTENCIA: presencial ata completar aforo

Presentación de Borneo + Concerto de Indiana

DÍA E HORA Sábado 20 de 12:45 a 14:10

ORGANIZA: Borneo



OBXECTIVOS: Presentar a **Borneo** como nova axencia creativa e produtora audiovisual, facendo fincapé na longametraxe documental que está desenvolvendo e no ciclo de sesións de música en directo e saúde mental que queren facer en Pontevedra. Posteriormente, o grupo musical **Indiana** dará un pequeno concerto interpretando versións de grandes hit's do pop e o rock español.

PRESENTA: Roi Grandío e Gema Míguez.

CONTIDOS: Presentación da empresa Borneo, do documental, do ciclo de sesións de música en directo e saúde mental e actuación de Indiana.

LUGAR: Palco de carpa do Pont-Up, Praza de España

PÚBLICO OBXECTIVO: Empresas e entidades que poidan querer socilitar os servicios que ofrece Borneo, e un público entre os 15 e os 65 anos da cidade de Pontevedra

Programa Impulsa startup da Cámara de Comercio.



DÍA E HORA Sábado 20 de 13:15 a 14:00

ORGANIZA: Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa

OBXECTIVOS: Dar a coñecer a convocatoria de axudas e os casos de éxito do programa Impulsa startup da Cámara de Comercio.

PRESENTA: Lucía Pedroso Suárez_Vocal de la Cámara de Comercio

CONTIDOS: Si tienes una idea ...Impulsa tu startup

- Presentación do programa, obxectivos e convocatoria de axudas.
- Casos de éxito do programa na convocatoria 2024. Iago Fariña Otero Airkido (marketplace ocio infantil).
- Plan de traballo dos proxectos seleccionados. Tutorización, mentorización e formación.

PARTICIPA: Iago Fariña Otero Airkido (marketplace ocio infantil).

LUGAR: Sala de conferencias do 2º andar da Casa das Campás, Rúa don Filiberto 9-11

PÚBLICO OBXECTIVO: Emprendedores con proxectos que incorporen tecnoloxía e innovación

ASISTENCIA: presencial ata completar aforo.

TECENDO COMUNIDADE (NETWORKING DE PARTICIPANTES)

DIA: 20 de setembro de 14,30 a 16,30

ORGANIZA: Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont-Up Store



CONTIDO E OBXECTIVOS: comida en común para interrelacionarse e compartir inquedanzas por parte dos emprendementos seleccionados no Pont Up e tamén para tecer redes e xerar sinerxías para novos negocios entre eles. No transcurso desta comida farase unha presentación da Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont-Up Store para a posterior inscrición dos participantes interesados na mesma

LUGAR: Espazo central da carpa do Pont-Up Store

INSCRICIÓNS: actividade reservada para os emprendementos seleccionados para a modalidade de stand.

ASISTENCIA: presencial

Obradoiros musicais con Gaia Escola de Música



DÍA E HORA: Sábado 20 de 18:00 a 19:00

ORGANIZA: Gaia escola de música

Dinámicas de ritmo e audición para ter un primeiro contacto coa música, utilizando músicas do mundo. Taller para peques de entre 3 a 8 anos.

Idioma: Por procedencia da monitora que imparte a actividade, está sesión desenvolverase en castelán.

ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS



DIA: Sábado 20 de 14.15 14.30

ORGANIZA: Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont-Up Store.

PARTICIPAN: representantes das entidades organizadoras e patrocinadoras

INTERVEÑEN:

- Pedro Figueroa Dorrego, Director do Pont-Up Store
- Angela Cal Arca, Vicepresidenta da Asociación de emprendemento e innovación Pont-Up Store
- Representantes das entidades Patrocinadoras e da Asociación para o emprendemento e a innovación: Pont-Up Store

LUGAR: Palco de carpa do Pont-Up, Praza de España

Empresas participantes en Stands institucionales.

Xunta de Galicia

- Venres de 11:00 a 12:45 **Ropi4 Madera** Creaciones únicas en madera diseñadas para ti
- Venres de 12:45 a 14:30 **Estrategia Hotelera con xeito** Consultora que ayuda a alojamientos turísticos a optimizar su gestión, aumentar ingresos y mejorar la experiencia de sus huéspedes
- Venres de 16:30 a 18:30 **Asistencia enfermería Marín** Clínica de enfermería
- Venres de 18:45 a 20:45 **CABICHEIRA** Diseño y fabricación de cenicero portátil, compacto y ecológico 100% Gallego
- Sábado de 11:00 a 12:45 **Mvico bike experience** Alquila la bicicleta que te gustaría para hacer el Camino de Santiago, una ruta por Vigo o descubrir Galicia y te ayudaremos en todo lo que necesites
- Sábado de 12:45 a 14:30 **DTF Galicia** Diseño e estampación textil. Vestuario laboral. Detalles para eventos. Regalo publicitario. Serigrafía
- Sábado de 16:30 a 18:30 **Mío Centro de Estética** Centro de estética
- Sábado de 18:45 a 20:45 **O garaxe de Vilari** Taller mecánico

Universidade de Vigo

- FittingLabs
- Fontoira'Studio
- PADD
- TecnificaTe
- XISTRA

PROMOVE:



DIRIXE E ORGANIZA:



PATROCINADOR PRINCIPAL:



PATROCINADORES INSTITUCIONAIS

OURO INSTITUCIONAL:



PATROCINADORES INSTITUCIONAIS

OURO INSTITUCIONAL:



PATROCINADORES BUSINESS

PLATINO BUSINESS:



PRATA BUSINESS:



OURO BUSINESS:



DESEÑA E COMUNICA:




ILUSTRACIÓN:

ORGANIZACIÓNS DE APOIO:

